

Inscripcións

Entregar a ficha de inscrición, descargándoa da web www.antaruxasesorteiros.com, acompañada do xustificante bancario de pago, na sede da Asociación Cultural “Antaruxas e Sorteiros” por calquera das seguintes vías:

- Correo: antaruxasesorteiros@yahoo.es
- En persoa

Os menores de idade presentarán tamén a autorización firmada polo/a tutor/a legal (colgada na páxina web)

O ingreso ou transferencia bancaria realízase na C/C 2080-0118-45-3040006879 de Novagalicia Banco, a nome de **Asociación Cultural “Antaruxas e Sorteiros”**, especificando como concepto **1 Curso de Folclore Tradicional** e o nome do/a interesado/a.

As prazas serán limitadas e atendidas por rigorosa orde de entrega e formalización.

O curso ten un número mínimo de prazas para a súa realización, de non cubrirse este, procederase a súa anulación.

Prazo de inscrición: do 1 de xullo ata o 26 de agosto de 2013.

Colaboran



Concello de A Fonsagrada



Deputación de Lugo



Información e inscricións

Asociación Cultural “Antaruxas e Sorteiros”
Rúa Os Chaos s/n
27100—A Fonsagrada (Lugo)
Tlfs: 982 350 041 / 669 890 925
www.antaruxasesorteiros.com
Correo: antaruxasesorteiros@yahoo.es
antaruxas@hotmail.com

1 CURSO DE FOLCLORE TRADICIONAL “ANTARUXAS E SORTEIROS”

30,31 de agosto e 1 de setembro de 2013
A FONSGRADA



Asociación Cultural “Antaruxas e Sorteiros”

Obxectivos e Contidos

O obxectivo do curso é amosar, dende un punto de vista contemporáneo, o legado folclórico de A Fonsagrada.

O curso consta de tres especialidades:

Gaita

Aprendizaxe de diversas pezas para gaita características da zona: muiñeiras, xotas e pasodobres particularmente orixinais e diferentes do resto da xeografía galega. Tomando como referencia as gravacións de gaiteiros vellos e singulares da bisbarra.

Percusión

Técnica de tambor aplicada e baseada nos ritmos tradicionais da bisbarra de A Fonsagrada.

Baile

Estudo da estrutura e construción dos puntos dos bailes soltos típicos da bisbarra de A Fonsagrada.

PROFESORADO

Pepe Vaamonde

Mestre de gaita, dende hai 19 anos, na Asociación Cultural “Antaruxas e Sorteiros” de A Fonsagrada, así como no Centro de Música Fingoi de Lugo e outras asociacións.

Gañador, na década dos anos noventa, de numerosos Concursos de Gaita Solista.

Lidera o “Pepe Vaamonde Grupo”, con máis de 200 actuacións en directo no ámbito nacional e internacional, e 4 cd’s editados.

Miguel Anxo López Buján “Chino”

Fundador e mestre de batería da Escola Municipal de Música de Monterroso. Forma parte dos grupos “Acibreira”, “Os intrépidos do Ulla”, “Painho do Mal Tempo” e de “Pepe Vaamonde Grupo”. Exerce como docente en varias asociacións culturais.

Lis Latas

Mestre de baile dende hai 21 anos da Asociación Cultural “Antaruxas e Sorteiros” de A Fonsagrada, así como outras asociacións.

Cofundador da AGFC “Reviravolta” e da “Asociación de Profesores de Baile Tradicional” de Lugo. Membro de honra da “Cantigas e Frores”

Recoñecido e afamado artesán de gaitas, inventor do Punteiro Afinable que foi Premio Artesanía de Galicia no ano 2007.

Información Xeral

Destinatarios

Persoas interesadas pola música e baile tradicional galego.

Número de prazas

20 prazas por especialidade

Certificacións

Expedirase certificado de asistencia ao remate do curso.

Número de horas de formación

16 horas

Datas e horarios

30, 31 de agosto e 1 de setembro de 2013:

Venres 30: 9:30 a 13:30 presentación e comezo das clases; de 16:00 a 17:15 visita á empresa de produtos cárnicos *Casa Castelao*; de 17:30 a 20:30 clases e de 22:30 a 1:00 foliada.

Sábado 31: 10:00 a 13:30 clases; de 16:00 a 17:15 visita á *Asociación de Ferreiros* para demostración da elaboración dun birimbao; de 17:30 a 20:30 clases e de 22:30 a 1:00 foliada.

Domingo 1: 10:00 a 13:30 clases; de 16:00 a 18:30 visita ao *Museo Etnográfico de A Fonsagrada*. Inclúe unha charla de *Teresa Astorgano* (Traxandaina) sobre o traxe tradicional galego e exposición de distintas pezas.

Lugar de celebración

Local da Asociación Cultural “Antaruxas e Sorteiros” e Salón de Actos Municipal de A Fonsagrada.

Prezos

- Alumnado en xeral: 80 € por persoa
- Membros da A.C. “Antaruxas e Sorteiros”: 50 €